

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E O LABORATORIO INTERPROFESIONAL GALEGO DE ANÁLISE DO LEITE (LIGAL) PARA A MONITORIZACIÓN DE RISCOS EMERXENTES CON IMPACTO SOBRE O LEITE CRU DE VACA PRODUCIDO EN GALICIA

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dona María José Gómez Rodríguez, conselleira do Medio Rural, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean aos titulares das consellerías da Xunta de Galicia, actuando en nome e representación da Consellería do Medio Rural, en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Don Roberto Lorenzana Fernández, actuando en nome e representación do Laboratorio Interprofesional Galego de Análise do Leite (LIGAL), CIF G15228141, na súa condición de Director Xerente, tal como se acredita na escritura de apoderamento número 2.447 do ano 2013, outorgada ante Óscar Manuel López Doval, notario de Betanzos.

Cada un intervéñen en función do seu cargo, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas, recoñecéndose mutua e respectiva competencia e capacidade suficiente para formalizar este convenio de colaboración.

EXPOÑEN

Primeiro. Segundo o establecido no artigo 30.1.3 do Estatuto de Autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva, de acordo coas bases e a ordenación da actuación económica xeral e a política monetaria do Estado, en materia de agricultura e gandería.





Segundo. Entre outras funcións, a Consellería do Medio Rural é competente no desenvolvemento das accións necesarias para a ordenación, fomento e mellora da produción agrogandeira, na execución das medidas de apoio ao sector lácteo e gandeiro de Galicia, así como nas actuacións necesarias para garantir a seguridade alimentaria das producións primarias gandeiras e o control oficial da hixiene da produción primaria nas explotacións gandeiras, incluíndo a alimentación dos animais de granxa, de determinadas substancias e os seus residuos, así como a presenza de substancias contaminantes ou indesexables, tal como se recolle no Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural.

Terceiro. O Laboratorio Interprofesional Galego de Análise do Leite (LIGAL) é unha asociación sen ánimo de lucro, declarada de utilidade pública, na que están representados paritariamente as industrias lácteas por medio da súa Federación Nacional e os produtores a través das Organizacións Agrarias e da Asociación de Cooperativas.

Cuarto. A Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias ten designado ao LIGAL como laboratorio para levar a cabo as análises oficiais de leite cru producido nas ganderías de Galicia.

Quinto. Os autocontrois que o sector, produtores e industrias, están a realizar no LIGAL van dirixidos primordialmente á detección da presenza de inhibidores do crecemento bacteriano. En menor medida realízanse análises específicas para determinar presenza doutras substancias indesexables. Nos controis oficiais verifícase igualmente a inexistencia destes residuos de inhibidores e se controla a presenza de determinadas substancias e os seus metabolitos e residuos en animais vivos e os seus produtos, no marco do Plan Nacional de Investigación de Resíduos (PNIR).

Sexto. Tanto nos autocontrois como nos controis oficiais detéctase en ocasións a presenza de substancias indesexables no leite que poden provir de contaminacións medioambientais, de alteracións das materias utilizadas na alimentación animal, de tratamentos veterinarios administrados aos animais, de tratamentos fitosanitarios na agricultura ou do control de pragas no almacenamento das materias vexetais.

Sétimo. O sector lácteo, produtores e industria representados no LIGAL, e a Consellería do Medio Rural atópanse firmemente comprometidos coa seguridade alimentaria en primeiro lugar, e coa viabilidade económica do sector leiteiro en segundo lugar, de forma que estiman necesario traballar conxuntamente para seguir reforzando a seguridade alimentaria e a calidade do leite cru producido e comercializado en Galicia, razón que fai preciso monitorizar os riscos emerxentes con posible impacto na produción de leite cru en Galicia.





Oitavo. Entre os principais riscos coñecidos na actualidade atópanse as aflatoxinas, que son substancias preferentemente producidas polo fungo *Aspergillus flavus*. Entre os metabolitos deste fungo, merece prestar atención á comunmente coñecida como *aflatoxina B1*, xa que na súa metabolización parcial no fígado da vaca transfórmase en *aflatoxina M1*, substancia que é excretada no leite.

Noveno. O anterior sen prexuízo doutras substancias como fitosanitarios, desinfectantes, antiinflamatorios ou calquera outra con risco de contaminar aos animais ou ás súas producións, polo que é desexable manter un cribado sistemático de residuos de substancias que alerte do seu uso na produción gandeira.

Décimo. A integración dos autocontrois do sector leiteiro no Laboratorio Interprofesional de Análise do leite de Galicia (LIGAL) significa unha monitorización diaria e universal do leite producido na práctica totalidade das explotacións da nosa Comunidade.

Undécimo. Tratar de monitorizar a práctica totalidade do leite cru producido en Galicia sen recorrer ás mostras de autocontrol que chegan ao LIGAL implicaría o establecemento dun sistema de toma de mostras nas explotacións por toda Galicia, e dun operativo diario de remisión destas refrixeradas imposible de acometer loxística e economicamente.

Duodécimo. O desenvolvemento dos programas de control oficial no marco do Plan Nacional de Control da Cadea Alimentaria (PNCOCA) implica un coñecemento preciso por parte da autoridade en materia de gandería dos elementos de risco aos que se atopan expostos o rabaños leiteiros, incluída a rastrexabilidade das súas materias primas para alimentación animal.

Décimo terceira. Sendo Galicia a primeira produtora nacional de leite de vaca, esta produción ten un profundo impacto na economía de moitas bisbarras do interior, e máis aló da súa significación económica directa, é un motor de emprego e de mantemento da poboación rural alén de xestor e vertebrador do territorio. Todo elo fai que, nun esforzo de mellora continuada para acadar os máis altos estándares de calidade e seguridade alimentaria do leite na nosa Comunidade, estean xustificadas accións de reforzo e prevención fronte a riscos emerxentes, independentemente do alto grao de control actual destes, o cal redundará non só en beneficio do sector leiteiro galego, senón tamén no conxunto da sociedade.

Polo que antecede, a Consellería do Medio Rural e o LIGAL acordan establecer o presente convenio de colaboración, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS





PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto deste convenio é regular as condicións de cooperación entre a Consellería do Medio Rural e o Laboratorio Interprofesional de Análise do leite de Galicia (LIGAL), para monitorizar os riscos emerxentes con impacto na produción de leite cru en Galicia. O presente convenio centrarase no risco emerxente da presenza de aflatoxinas M1 e no cribado de substancias medicamentosas no leite cru producido nas ganderías de vacún de Galicia.

SEGUNDA. Obrigas do LIGAL

O LIGAL, como laboratorio interprofesional de análise do leite de gando vacún en Galicia comprométese a cumprir coas seguintes obrigas:

1. Realizar as analíticas do número de mostras que corresponda anualmente:

Sobre todas as mostras de leite de explotación (pago por calidade/autocontrol) que se reciban no LIGAL, controlaranse mensualmente de forma aleatoria o equivalente ao 3% das explotacións integradas na base de datos do LIGAL mediante as determinacións de aflatoxina M1, para monitorizar o seu risco de aparición no leite. As explotacións a monitorizar serán seleccionadas regularmente pola Consellería do Medio Rural, que remitirá esta listaxe en formato Excel ou similar con antelación suficiente, ao obxecto de poder clasificar as mostras no laboratorio para as análises específicas referenciadas no presente convenio.

Sobre estas mostras seleccionadas, a maiores, ao 5% realizaráselle un cribado cualitativo do *Sistema Infiniplex Radox*, que permite detectar a posible presenza doutros riscos emerxentes, tales como: antimicrobianos, antiinflamatorios non esteroideos, antiparasitarios, promotores do crecemento, etc.

Para calcular este 3% de explotacións a controlar considéranse 5.000 ganderías leiteiras, resultando por tanto un compromiso de 1.800 mostras anuais (150 mensuais). Sobre o 5% destas mostras, 90 mostras anuais, a maiores realizarase un cribado cualitativo do Sistema Infiniplex Radox en 90 mostras.

No primeiro ano do convenio, no seu caso, o número total de mostras a analizar anualmente repartiranse entre os meses no que este estea en vigor.

2. O LIGAL realizará as determinacións de aflatoxina M1 utilizando o test ROSA Charm (Rapid One Step Assay) ou equivalente como método rápido de *screening* e, de superar o limiar fixado, cuantificará esta presenza por cromatografía líquida de alta eficacia (high performance liquid chromatography-HPLC). Estímase que un 5%





das mostras analizadas superen o limiar fixado, polo que se analizarían 90 mostras anuais por HPLC.

3. As análises comezaranse á maior brevidade posible, sen demoras indebidas, en función da dinámica de recepción-clasificación de mostras establecida no LIGAL

4. Realizar os informes respectivos e entregalos a través do correo electrónico, nun ficheiro en formato Excel, ao día seguinte da realización das análises, excepto as realizadas os venres de cada semana que se enviarán o luns seguinte. Nos casos de atraso na remisión dos resultados, o LIGAL presentará un informe escrito ante a Consellería do Medio Rural no que xustifique dito retraso e os medios adoptados para restablecer a situación normal no tempo máis curto posible.

5. Unha vez obtido o resultado final da secuencia de análise anterior, aplicarase o disposto nos protocolos internos do LIGAL, no caso de confirmarse mediante HPLC que os valores son non conformes coa normativa. Para aqueles casos nos que se obteña un resultado entre 0,03 e 0,05 ppb no HPLC, o LIGAL comunicará a título informativo este valor á autoridade competente en materia de seguridade alimentaria, aos produtores e á industria.

6. Esta información será remitida á Consellería do Medio Rural que, salvando os datos de carácter persoal, a poderá facer chegar as organizacións de operadores do sector da alimentación animal de Galicia para complementar a información que estes operadores teñen por mor dos seus autocontrois.

TERCEIRA. Obrigas da Consellería do Medio Rural

A Consellería do Medio Rural, como responsable dos programas de control oficial da seguridade alimentaria nas producións gandeiras, entre as que se atopa o leite, comprométese a cumprir coas seguintes obrigas:

1. Anualmente determinará cales son as explotacións a monitorizar en función de criterios de risco para a seguridade alimentaria e para os mercados. As explotacións a monitorizar serán seleccionadas regularmente pola Consellería, que remitirá esta listaxe en formato Excel ou similar con antelación suficiente ao obxecto de poder clasificar as mostras no laboratorio para as análises específicas referenciadas no presente convenio.

2. En caso de detectar incremento do risco poderá indicar os meses preferentes para realizalo e poderá solicitar cribado dirixido sobre o leite de orixes específicos. En ningún caso isto suporá un aumento das análises comprometidas anualmente.





3. Uniformar os documentos de traballo e o contido dos ficheiros informáticos empregados pola Consellería do Medio Rural e o LIGAL, de cara a unha maior operatividade na xestión e procesado dos datos.

4. Facilitar os recursos económicos para o desenvolvemento dos procedementos.

CUARTA. Financiamento

1. O LIGAL correrá con todos os gastos das tomas de mostras, envases, o seu transporte, identificación e tratamento; así como cos gastos de emisión de informes e resultados e arquivo e envío desta información.

2. A Consellería do Medio Rural financiará as analíticas da aflatoxina M1 realizadas con posterioridade á sinatura do convenio a razón de 15,85 €/mostra para o Charm, 125,86 €/mostra para o HPLC e 58,43 €/mostra para o Randox (IVE excluído) con cargo á aplicación orzamentaria 15.04.713E.640.1. proxecto 00977 2010 O importe total ascende a cento sesenta e tres mil setecentos setenta e nove euros con trinta céntimos (163.779,30 €).

Este orzamento distribuirase coa seguinte dotación máxima para cada unha das anualidades do convenio:

2026: 54.593,10 €

2027: 54.593,10 €

2028: 54.593,10 €

Esta cifra só cobre os custos de realización da actividade para cada unha das anualidades.

Achégase, no anexo ao texto do convenio, o cadro orzamentario coas actuacións a desenvolver polo LIGAL coa análise dos custos.

QUINTA. Xustificación

O LIGAL presentará mensualmente perante a Subdirección Xeral de Gandería da Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, a memoria das actuacións realizadas acompañada da factura correspondente. Unha vez certificados os traballos polo subdirector xeral de Gandería, procederase ao seu pagamento.





A Consellería resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que considere precisa, en relación coas actividades realizadas no marco do convenio e emitirá informe de conformidade coas actuacións levadas a cabo.

Toda a documentación incluída na xustificación presentárase por vía telemática, de acordo co artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

SEXTA. Relacións laborais

A subscrición do convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais e os empregados do LIGAL que desenvolvan as actividades programadas e a Xunta de Galicia.

SÉTIMA. Comisión de seguimento

Para o desenvolvemento do presente convenio de colaboración poderase constituír unha comisión de seguimento integrada por un representante de cada institución asinante. Esta comisión encargarase, así mesmo, de establecer e definir criterios e pautas de actuación a seguir, así como de levar a coordinación, a supervisión técnica das accións previstas no convenio e os resultados acadados.

Ademais, a Consellería do Medio Rural ostenta a prerrogativa da interpretación e resolución de cantas dúbidas e controversias xurdan na aplicación do convenio.

OITAVA. Controis

A Consellería do Medio Rural exercerá o seguimento e control das actuacións obxecto de convenio co persoal técnico da Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias.

O LIGAL comprométese a colaborar na execución dos controis nos termos que se precisen. Igualmente, acepta someterse aos controis que legalmente procedan a cargo da Intervención Xeral da Xunta de Galicia e do Consello de Contas.

NOVENA. Propiedade intelectual e publicidade

A propiedade intelectual dos traballos e dos datos obtidos no desenvolvemento do presente convenio pertencerá á Consellería do Medio Rural. O Laboratorio non





poderá facer uso da información xerada por estes estudos nin entregala a outra persoa distinta da que representa á Consellería, agás coa autorización expresa e escrita.

En calquera caso, a difusión por calquera das partes de información relativa ao presente convenio deberá facer mención expresa a este.

Nos documentos e carteis executados en desenvolvemento do presente Convenio, faranse constar os símbolos de identidade corporativa das entidades intervenientes consonte co disposto no Decreto 112/2021, do 22 de xullo, polo que se aproba o uso dos elementos básicos da identidade corporativa da Xunta de Galicia.

DÉCIMA. Protección de datos de carácter persoal.

As partes asinantes virán obrigadas, en materia de protección de datos, a cumprir co Regulamento (UE) núm. 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e coas demais disposicións vixentes sobre a materia.

Os datos de carácter persoal aos que se teña acceso en virtude deste convenio serán tratados por ambas as dúas partes asinantes coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da súa xestión.

O tratamento dos datos baséase no exercicio de poderes públicos conforme á normativa recollida nas cláusulas do convenio e ás referencias recollidas na páxina <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso á rectificación e supresión dos seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou de xeito presencial, nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Así mesmo, en aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e a integridade dos datos e a





súa protección fronte a alteracións, a perdas, a tratamentos ou a accesos non autorizados.

DÉCIMO PRIMEIRA. Resolución

Son causas de resolución do presente convenio: o incumprimento total ou parcial dalgunhas das súas cláusulas, o transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas, e as modificacións das directrices de desenvolvemento sen contar coa previa autorización escrita da Consellería do Medio Rural.

DÉCIMO SEGUNDA. Vixencia

A duración do presente convenio, que producirá efectos dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2028, asínase para o período 2026-2028. En ningún caso se admitirán gastos anteriores á data de sinatura do convenio.

DÉCIMO TERCEIRA. Transparencia

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

DECIMO CUARTA. Natureza e xurisdición

Este convenio ten natureza administrativa e considérase incluído no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo que queda fóra do seu ámbito de aplicación.

Este Convenio rexerá polas súas propias cláusulas. Para todo o non previsto nas súas cláusulas estarase ao previsto no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e colaboración con particulares, publicado por resolución da Consellería de





Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia, e demais normativa de aplicación.

As partes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio. As cuestións litixiosas que poidan xurdir na súa interpretación ou no incumprimento das obrigas que se deriven do convenio, e que non poidan ser dirimidas pola comisión de Seguimento creada para tal efecto, quedarán sometidas á xurisdición contencioso administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

E en proba de conformidade, as partes asinan dixitalmente o presente convenio de colaboración.

Pola Consellería do Medio Rural
A conselleira do Medio Rural

María José Gómez Rodríguez

Polo LIGAL
O director xerente do LIGAL

Roberto Lorenzana Fernández





ANEXO. CADRO DE CUSTES ANUAIS ESTIMADOS

CONCEPTO	TIPO DE ANALISE	Número mostr	EUR/mostr a	EUR/mostr a (con IVE)	EUR
ANALISE	Test ROSA Charm	1.800	15,85	19,18	34.524,00
	High performance liquid chromatography-HPLC	90	125,86	152,29	13.706,10
	Sistema Infiniplex Radox	90	58,43	70,70	6.363,00
	TOTAL CUSTES ANÁLISES (con IVE)				54.593,10

